

Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega de Ciencias para o desenvolvemento de actuacións de asesoramento no eido das ciencias

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

O Prof. Dr. D. Juan Manuel Lema Rodicio, na súa condición de presidente da Real Academia Galega de Ciencias, en exercicio das competencias que lle son propias segundo o artigo 35 dos estatutos da entidade.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar este protocolo de colaboración, e, para tales efectos,

EXPOÑEN:

Primeiro. Son funcións do Parlamento de Galicia exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma, controlar a acción executiva da Xunta, aprobar os seus orzamentos, solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar perante a Mesa do Congreso proposicións de lei, entre outras. Para o debido cumprimento destas funcións os parlamentarios e parlamentarias levan a cabo un arduo traballo de recompilación de información previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia, de modo que poden solicitar a información e documentación que necesiten das institucións autonómicas e entes públicos de Galicia, membros da Xunta de Galicia competentes por razón da materia que se estea a tratar, funcionariado, autoridades e particulares.

Segundo. É labor dos científicos a xeración do coñecemento, pero a responsabilidade do uso destes avances recae sobre a sociedade. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, no artigo 35, establece que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a transferencia do coñecemento con obxecto de que os resultados das investigacións científicas sexan transferidos á sociedade. No entanto, os actuais retos da ciencia fronte ao cambio climático; o desequilibrio socioeconómico, con asuntos como o reto demográfico, que tanto nos ocupa; e os avances das últimas décadas na microelectrónica, na biotecnoloxía, no coñecemento do cerebro ou na edición do xenoma, entre moitos outros, requiren dunha especialización científica e técnica que a inmensa maioría das persoas non posúen, o que converte nunha obriga para quen ten a potestade lexislativa contar co asesoramento técnico axeitado; de aí que contar co asesoramento técnico axeitado sexa unha obriga para aqueles que desempeñan a potestade lexislativa.

Terceiro. A Real Academia Galega de Ciencias é unha corporación científica, de dereito público, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e capacidade para obrar, cuxo ámbito territorial de actuación se estende a toda a Comunidade Autónoma, sen prexuízo de eventuais colaboracións fóra de Galicia.

Os fins da Academia son, entre outros, o fomento da investigación, do estudo e da divulgación das ciencias e das súas aplicacións e da incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadxuvante do desenvolvemento socioeconómico; o asesoramento á Xunta de Galicia, administracións e organismos públicos, axencias científicas e tecnolóxicas e cantas institucións públicas llo soliciten, en todo o que se refira a cuestións relacionadas co coñecemento científico e á súa promoción; a elaboración de informes, estudos ou ditames sobre as materias científicas que lle son propias; a creación e conservación de fondos materiais e documentais relacionados coa investigación, o estudo e a divulgación do coñecemento científico; e o achegamento á sociedade en xeral, a través dos distintos medios de comunicación, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

Para o seu funcionamento ordinario, a Academia estrutura mediante seccións as materias científicas que lle son propias, que abranguen todo o coñecemento científico nun sentido amplo, así como as súas implicacións sociais. Na actualidade son as seguintes:


- a) Matemáticas, física e ciencias da computación
- b) Química e xeoloxía
- c) Bioloxía e ciencias da saúde
- d) Ciencias técnicas
- e) Ciencias económicas e sociais

Cuarto. O Parlamento de Galicia, consciente de que a ciencia e o coñecemento científico ocupan un lugar cada vez máis destacado na formulación de propostas políticas, considera necesario que os parlamentarios e as parlamentarias teñan á súa disposición información científica clara, neutral e imparcial, non só en relación cos temas da axenda parlamentaria que se estean a desenvolver, senón mesmo adiantándose a aqueles que impactarán na sociedade a medio prazo.

Quinto. É vontade do Parlamento e da Academia colaboraren na incorporación e difusión do coñecemento científico e das súas aplicacións no marco das actividades propias da Cámara galega, mediante informes ou estudos que por proposta do Parlamento a Academia poida realizar, así como levar a cabo iniciativas de interese común encamiñadas á protección e á divulgación da cultura científica, pilar esencial para o desenvolvemento dun espírito crítico da cidadanía.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para o asinamento deste PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. Obxecto e fins do protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega de Ciencias, para establecer o marco xeral de cara ao asesoramento que por solicitude da Cámara galega poida proporcionar a Academia e para o desenvolvemento das actividades de interese mutuo a prol da divulgación da cultura científica, no ámbito das súas respectivas competencias.



Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega de Ciencias, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométense a colaborar no desenvolvemento dos seus fins, de modo que se propicie:

- o asesoramento mediante estudos, traballos ou informes que por petición do Parlamento elabore a Academia en relación coas materias científicas que lle son propias, co fin de achegar aos deputados e deputadas información obxectiva e de calidade baseada na evidencia científica, relativa tanto a cuestións en que no desenvolvemento das súas funcións as deputadas e deputados estean a traballar como a aquelas que lles permita anticiparse aos retos sociais que o desenvolvemento no eido das ciencias formulará a medio prazo.
- a colaboración no desenvolvemento de actividades de interese común, tal como exposicións, conferencias ou publicacións, entre outras, que supoñan fontes de coñecemento científico que promovan a difusión da cultura científica.
- o asesoramento relativo á incorporación das aplicacións derivadas do coñecemento científico que por solicitude da Cámara a Academia poida achegar, tanto na procura dunha xestión máis eficiente dos recursos como no desenvolvemento de novos proxectos adaptados aos avances das tecnoloxías e do coñecemento.

Terceira. Financiamento

O asinamento deste protocolo de colaboración non comporta ningunha obriga económica. No caso de que en virtude da súa complexidade técnica algunha actuación que se vaia desenvolver precise da dotación de recursos económicos, realizarase de acordo cos procedementos establecidos na normativa vixente.

Cuarta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades expositivas, divulgativas e de asesoramento e nas actuacións respecto das publicacións que se fagan relacionadas co desenvolvemento deste protocolo farase constar a colaboración das partes e utilizarase, de proceder, a identidade corporativa de cada unha das institucións.

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para facer públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que se empreguen, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa aplicable a cada unha delas.

Quinta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este protocolo producirá efectos a partir da data do seu asinamento e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes, manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

Sexta. Comisión de seguimiento

Coa finalidade de optimizar e valorar os resultados deste protocolo, crearase unha comisión de seguimento, composta por un representante de cada unha das institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polo persoal técnico que xulgue necesario.

Os acordos adoptados pola comisión serán inmediatamente executivos. Terá, ademais, as seguintes funcións:

- 1ª) A interpretación do protocolo.
- 2ª) A proposta de addendas ou modificacións.
- 3ª) A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- 4ª) As facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- 5ª) Calquera outra función relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puider xurdir no desenvolvemento deste protocolo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento deste protocolo de colaboración e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Novena. Transparencia e bo goberno

O asinamento deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que o Parlamento de Galicia poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asínase este protocolo de colaboración por triplicado no pazo do Parlamento, en Santiago de Compostela, o doce de decembro de dous mil dezanove.



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de
Galicia



Juan Manuel Lema Rodicio,
presidente da Real Academia
Galega de Ciencias